

MANIFESTO PARA A PROTECCIÓN DAS ONDAS

O presente manifesto constitue unha declaración pública do valor e necesidade de conservación das rompentes de surf como un patrimonio natural e un recurso deportivo, socioeconómico e cultural.

[~]

A viaxe posibilita o encontro co outro, o achegamento a outras paisaxes, xentes, culturas, ideas e costumes. Viaxar e surfear polo mundo ensínanos un océano global, cuxas costas presentan hoxe problemas compartidos: a contaminación das augas; a urbanización, a degradación e os impactos sobre a costa, a flora e a fauna; e tamén a ameaza e destrución das rompentes. E sen rompentes non hai surfing.

Ante problemas globais necesitamos voces globais que ratifiquen aos grupos máis activos e fortes, e que empoderen aos máis pequenos e débiles na procura de solucións propias. Este Manifesto é unha declaración pública global do valor e necesidade de protección das rompentes de surf como patrimonio natural e recurso deportivo, socioeconómico e cultural.

Isto é un compromiso de comunidade intercultural, un reto xeracional. Un camiño que pode inspirar o cambio a outros, coa axuda de todos. Unha expresión da ética e os valores culturais do surfing, de respecto e harmonía coa Natureza da que formamos parte. O modo en como un individuo ou colectivo relaciónase co seu medio mostra o seu estilo vital; é unha clave de civilización e cultura.

Din que un ser humano é do tamaño dos seus soños. Como surfistas, viaxeiros, académicos, científicos, pais e amantes do mar, un dos nosos é preservar aquilo que nos deu a parte máis bonita da nosa alma. Se temos que protexer o que amamos, protexamos as ondas. Únete, é Tempo para as Ondas.

#ManifestoParaLaProtecciónDeLasOlas

#SomosLoQueProtegemos

surfnaturealliance.org

PARA A
PROTECCIÓN
DAS ONDAS

ONDAS [~] PATRIMONIO AZUL DE GALICIA

Patrimonialización da hidrodiversidad, xestión sostible do surf e conservación de rompientes singulares en Ferrolterra.

Ondas [~] Patrimonio Azul de Galicia é unha estratexia proposta pola ALIANZA SURF & NATURZA en colaboración co OCEANO SURF CLUB para a posta en valor, xestión sostible e conservación das zonas con interese para o surf da costa Ferrolterra.

As rompientes litorais e a práctica do surf teñen un recoñecemento cada vez maior na nosa sociedade. Aos seus valores naturais hai que engadir un alto valor engadido – cultural, recreativo e deportivo –, converténdose nun recurso socioeconómico de Galicia en constante crecemento nos últimos anos.

As ondas son a materia prima da práctica do surf. A súa calidade é directamente proporcional á súa demanda e capacidade de atracción de turismo específico. É necesario ir conformando políticas que tendan a garantir a súa conservación. A súa perda ou degradación traduciríase tamén en perda e degradación do patrimonio natural de Galicia. Políticas de xestión territorial centradas na mera promoción do surf e as ondas como un produto turístico trae consigo graves problemas de ordenación, impactos de distinta orde e conflitos de interese con outros usos costeiros e litorais.

Todo iso xustifica o interese da presente proposta que contribuiría a conformar un modelo de desenvolvemento sostible a través de:



LIBROS
DEL
OCÉANO



SURF &
NATURE
ALLIANCE



MANCOMUNIDADE
Concellos da Comarca
de Ferrol



Deputación
DA CORUÑA



FERROLTERRA
RIAS ALTAS

1. Patrimonialización da hidrodiversidad (patrimonio azul), con especial atención ás rompientes singulares de interese para o surf en Ferrolterra.
2. Fomento da educación para a sustentabilidade e a cultura oceánica.
3. Protección legal e conservación das rompientes singulares de interese para o surf en Ferrolterra.
4. Fomento da Sustentabilidade no desenvolvemento do sector surf en Ferrolterra.

A protección das rompientes é unha realidade desde hai unha década en países como Australia, Nova Zelandia ou Perú. En Europa, comezan a darse os primeiros avances. En Galicia, durante os últimos anos, foise conformando unha demanda social crecente por parte dos principais axentes e entidades do surf galego que xustifica o interese da presente proposta como primeiro paso dun proxecto innovador que busca dar solución a un adecuado equilibrio entre a conservación do que constitúe un patrimonio natural e cultural, e o aproveitamento sostible do que se está convertendo nun recurso azul estratéxico para Galicia, e en concreto, Ferrolterra, e que culminará cunha Rede de Reservas de Surf en Galicia integradas nos instrumentos e plans de ordenación territorial e desenvolvemento sostible autonómico.



MA~
NI~
FES~
TO

[~]



MANIFIESTO
PARA LA PROTECCIÓN DE LAS ONDAS

[~]

MANIFIESTO
PARA LA PROTECCIÓN DE LAS ONDAS



[~]

MA~
NI~
FES~
TO